

CAMPIONATO GALEGO DISTANCIA SPRINT

8ª PROBA DA LIGA GALEGA DE O-PÉ

ASOCIACIÓN DEPORTIVA LIMIACTIVA

INDICACIÓNS DE SEGURIDADE

1ª.- A proba sprint celébrase en mapa urbano, con tráfico aberto (aínda que a súa densidade en moitas zonas e baixa, haberá persoal habilitado nos puntos de mais perigo, lembrado tomar as medidas de precaución oportunas.

Este persoal habilitado, debidamente identificado, terá a condición de xuíz auxiliar, os efectos disciplinarios pertinentes.

2ª.- Os orientadores deben correr polas beirarrúas, quedando prohibido correr lonxitudinalmente polas zonas asfaltadas (descalificación), salvo inexistencia de beirarrúa.

3ª.- Os orientadores poden pisar as zonas asfaltadas para cruzar rúas, debendo utilizar os pasos de peóns pintados na calzada.

4ª.- No mapa hai unha zona pintada como “terreo aberto basto” que nos últimos días foi arada, polo que lle correspondería o símbolo de “cultivo”. Esta zona deberá ser bordeada polos participantes y e non poderá ser atravesada. Estará indicado nun mapa na zona de saída.

